



MEMORIA EXPLICATIVA

Expediente: FAP 5/2025

Obxecto: Convenio de colaboración entre a Consellería de Facenda e Administración Pública, o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para a edición e publicación da *Revista Galega de Economía* no ano 2025

O artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, establece que o conselleiro é a autoridade superior da Consellería e, como tal, ostenta a representación do departamento que preside.

No exercicio das súas competencias, o conselleiro de Facenda e Administración Pública e a conselleira de Economía e Industria, como presidenta do Igape, teñen previsto formalizar un convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela. O obxecto do convenio consiste en outorgarlle unha subvención de concesión directa a Universidade de Santiago de Compostela para a edición e publicación da *Revista Galega de Economía* no ano 2025.

O Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, atribúelle a este departamento as actuacións relativas á planificación económica da Comunidade Autónoma, a realización dos traballos e estudos relativos á elaboración, seguimento e avaliación da planificación da actividade económica así coma a análise e estudo da actividade económica existente co fin de adecuar as políticas económicas a medio e longo prazo á realidade galega e aproveitar ao máximo tanto os recursos estatais como os procedentes das subvencións europeas.

O Instituto Galego de Promoción Económica ten, entre as súas funcións, a de elaborar, impulsar e difundir toda clase de campañas de promoción e publicacións, incluída a súa contratación e control, que permitan tanto a divulgación das distintas actividades do Instituto, como de toda a información e estudos que promovan o desenvolvemento económico de Galicia.

A Universidade de Santiago de Compostela edita a *Revista Galega de Economía* que é unha fonte de datos e de información moi útil para unha adecuada planificación económica tendo en conta o contido dos artigos publicados que son elaborados por profesores de recoñecido prestixio pertencentes ás Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais das Universidades Galegas e doutras de fóra de Galicia.





A *Revista Galega de Economía* é unha publicación de gran interese para a Xunta de Galicia polas súas achegas para a planificación económica autonómica e, tamén, para a difusión á sociedade en xeral de coñecementos e investigacións no eido socio-económico.

A USC edita todos os anos un volume da dita revista que conta con 2 números ordinarios e un número extraordinario como mínimo.

A Universidade de Santiago de Compostela vai desenvolver as actividades editoriais da Revista Galega de Economía correspondentes ao ano 2025. Estas inclúen a publicación de dous números ordinarios e dun número extraordinario como mínimo.

Por iso, ante a exposición dos responsables da elaboración da dita revista de que precisan recursos económicos adicionais aos da Universidade para editar a revista e dado o interese estratéxico en manter a única publicación científica galega que conta con difusión internacional e é elaborada por prestixiosos investigadores das universidades galegas e do resto dos países da contorna, a Consellería de Facenda e Administración Pública e o Igape apoian a súa edición e continuidade. Coa finalidade de que se edite e publique a *Revista Galega de Economía* en 2025, esta consellería e máis o Igape pretenden outorgarlle unha subvención de concesión directa de quince mil euros (15.000 €) á USC.

Desa cantidade, a Consellería de Facenda e Administración Pública achegaralle á USC, logo da correspondente xustificación dos gastos realizados, a cantidade de sete mil cincocentos euros (7.500,00 €) en 2025. Este gasto imputarase á aplicación orzamentaria 10.01.612A.744.0 correspondente aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025. O importe restante achegarao o IGAPE, sete mil cincocentos euros (7.500,00 €) con cargo á súa partida orzamentaria 09.A1.741A.744.0 dos seus orzamentos para o ano 2025.

As achegas económicas da Consellería de Facenda e Administración Pública e do Igape son compatibles coa percepción de calquera outra axuda sempre que o conxunto das axudas non supere o custo total da edición e publicación da revista. Calcúlase que os gastos que se derivan da elaboración dos volumes da *Revista Galega de Economía* no ano 2025 ascenden á cantidade de 15.000 euros. A súa desagregación figura no anexo desta memoria.

Os importes dos distintos conceptos poderán ser incrementados ou diminuídos. En caso de que se producise un incremento dos gastos previstos, este incremento será asumido na súa totalidade pola Universidade.

No caso de que os gastos en que incorrese a Universidade non chegasen a 15.000,00€, as achegas da Consellería de Facenda e Administración Pública e do Igape reduciranse proporcionalmente.





Ao abeiro deste convenio subvencionaranse os gastos nos que incorra a USC para a redacción, publicación e distribución da *Revista Galega de Economía* desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o 1 de decembro de 2025.

Na cláusula quinta do convenio recóllese o réxime de xustificación e libramento dos fondos. A achega económica da consellería e a do Igape realizaranse unha vez comprobados os xustificantes de gasto presentados pola USC de acordo co previsto nos artigos 28 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

En todo caso, a USC deberá presentar unha certificación do órgano que teña atribuídas as facultades de control orzamentario que acredite a realización das actuacións previstas neste convenio, así coma o investimento da totalidade da subvención na realización das ditas accións e o pagamento efectivo dos ditos investimentos.

A documentación xustificativa das actuacións realizadas deberá entregarse na consellería e no Igape antes do 1 de decembro de 2025.

A consellería e o Igape realizarán o pagamento da subvención á USC unha vez comprobada a súa xustificación.

Para os efectos do establecido no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións e Galicia, faise constar que a sinatura deste convenio só se pode realizar coa Universidade de Santiago de Compostela por ser a editora da devandita revista, única revista científica no eido da economía con contidos que aportan unha análise de calidade útil para a planificación económica sectorial pero, tamén, para a difusión á sociedade en xeral de coñecementos e investigacións no eido socio-económico. Por todo isto, non resulta posible promover a concorrencia pública para realizar as actividades que se levarán a cabo no marco do convenio que se pretende asinar coa USC nin para a edición e publicación da *Revista Galega de Economía* no 2025.

Santiago de Compostela, na data da sinatura

O director xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico

Arturo López Iglesias





ANEXO I: MEMORIA ECONÓMICA

De acordo coa memoria, do 16.03.2015, da Secretaría da Revista Galega de Economía da Facultade de CC. Económicas e Empresariais de Santiago de Compostela, os gastos que se imputarán á execución do convenio de colaboración son:

Revista galega de economía	Anualidade 2015
Secretaría web e coordinación	7.305 €
Material de oficina e fotocopiadora	850 €
Tradución e revisión lingüística	4.796 €
Material inventariable	2.879 €
TOTAL	15.830 €

Os conceptos a considerar no orzamento da revista son:

- Secretaría Web e Coordinación: traballos de mantemento e actualización da páxina da RGE; mantemento de redes sociais, creación e mantemento de blog; mantemento e actualización da páxina da RGE nas bases internacionais; publicacións dos números da RGE; xestión de bases de datos; filtrado inicial de artigos; xestión de revisores e autores; certificación da actividade, etc.
- Material de oficina e fotocopiadora: folios, tóner de impresora, gastos de correo, etc.
- Tradución, revisión lingüística e de estilo (galego, español, inglés, e portugués), etc.
- Material inventariable: auriculares e ordenadores.

